



**Título:** *Colección Clásicos en Galego*  
**Autor:** Manuel Díaz y Díaz  
**Editorial:** Xunta de Galicia  
 EditorialGalaxia

Recentemente veñen de ser publicados os volumes nove e dez da colección Clásicos en Galego, coeditada pola Xunta de Galicia e a editorial Galaxia, baixo a dirección de don Manuel Díaz y Díaz. A iniciativa xurdiu no ano 1987 coa intención de configurar un corpus de traducións ó galego de obras clásicas da literatura universal. Nesta tarefa había precedentes escasos, mais certamente brillantes, como, entre outros, a versión das Odas de Horacio que elaborara Aquilino Iglesia Alvariño, as traducións de poesías de Virxilio e doutros clásicos grecolatinos debidas á pluma de Avelino Gómez Ledo, ou as máis recentes traducións de Darío Xoán Cabana da Divina Comedia e o Cancioneiro de Petrarca. As obras publicadas ata agora na colección pertencen a distintas literaturas e a diferentes xéneros e estilos, pero trátase sempre de clásicos de valía excepcional, cunha mensaxe viva para nós despois de tantos séculos. Figuran entre os grecolatinos Catulo: *Poemas*, (trad. de Xosé Manuel Otero Fernández); Fedro: *Fábulas*, (trad.

de Xosé Carballude Blanco, Xosé M<sup>a</sup> Liñeira Reboredo e Rosa M<sup>a</sup> García Vilarriño); Tibulo: *Elexías* (trad. de Xosé Antonio García Cotarelo), Plauto: *Anfitrión*, *Asinaria*. (trad. de Mercedes Boado Vázquez e M<sup>a</sup> Xesús Frei Collazo); Aristófanes: *Nubes*, *Asamblearias* (trad. de Teresa Amado Rodríguez); Petronio: *Satiricón* (trad. de Xosé Antón Dobarro Posada e Dolores Gómez Quintás); Virxilio, Calpurnio Sículo e Nemesiano: *Poesía bucólica latina* (trad. de Fernando González Muñoz). Como representantes das literaturas europeas están: Shakespeare: *Soño dunha noite de verán*. *O mercader de Venecia*, (trad. de Miguel Pérez Romero), Hamlet (do mesmo), e o *Cantar de Roldán* (trad. de Camilo Flores Varela). Hai en preparación novos volumes entre os que están os Epigramas de Marcial e un roman de Chrétien de Troies.

As traducións, sempre revisadas por un experto no autor ou no xénero correspondente, veñen acompañadas polos textos orixinais, de acordo coas

mellores edicións dos mesmos. Unha introducción ós principais aspectos biográficos, históricos e literarios, así como un mínimo aparato de notas específicas, proporcionan ó lector as referencias imprescindibles para unha aproximación máis completa a estas obras, que retratan un mundo ás veces moi alonxado do noso. A inclusión do texto orixinal é, ante todo, unha testemuña de respecto cara este mesmo, a súa lingua e tradición, pero supón tamén unha invitación á un tipo de lectura activa, que permita disfrutar directamente da música e do xenio peculiar de cada lingua, así como efectuar un rico xogo intelectual baseado no contraste entre expresión orixinal, sentido e traducción.

A transcendencia dunha empresa coma esta resulta evidente. A traducción é unha actividade fundamental para a configuración da lingua e a tradición literaria dunha comunidade cultural. Abonda con termos presente todo o que deben as linguas europeas e as súas literaturas ás sucesivas traduccións da Biblia: do hebreo ó grego, do grego ó

latín, e do latín ás linguas románicas e xermánicas. Se se quere algún exemplo máis íntimo, lembremos a Flaubert alternando no seu retiro de Croisset a dórosa redacción de *Madame Bovary* cos seus ensaios de traducción de poesía latina e grega, ou a Paul Valery componendo, a pesar das súas reservas para có xénero pastoril, unha maxistral traducción das bucólicas de Virxilio. En definitiva, unha lingua de prestixio debe procurarse os suficientes recursos para poder transmitir non só as ideas, vivencias e realidades presentes, senón tamén aquelas que configuraron outras xentes noutros tempos, por moi arredados que estean de nós. Canto máis se se trata das voces destes autores que sempre teñen algo que comunicar a cada individuo e comunidade nas sucesivas fases do seu desenvolvemento histórico. Daquela é importante que estes poidan ser lidos dende agora tamén en galego.

*Fernando González Muñoz*